

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López.

Concelleiros:

D.^a M.^a del Carmen Torreira
González
D. Alfonso Carril Guerra.
D.^a Aurora Varela Duro.
D. Miguel Angel Vallo Camba.
D. Andrés David Pérez Ferreira.
D.^a María del Pilar Castro Vallo.

D. Jesús García Rodríguez.
D. Alfonso Lodeiro Regueiro.
D.^a Evangelina María Orois Conde
D.^a Vanessa Quintela Pedreira

D.^a Begoña Balado Conde

D. José Ignacio García Couso.

Secretario:

D. Juan Colmenares López Soldado.

ACTA

En Arzúa, a 18 de decembro de 2017.

Sendo as 20:10 horas, reuníronse no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión extraordinaria convocada para este día.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a Orde do día desta sesión:

A) PARTE RESOLUTORIA

*Punto 1º) **LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 3 DE NOVIEMBRE DE 2017.***

O presidente preguntou se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación con respecto á acta de dita sesión.

Ao non se formularen observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

*Punto 2º) **PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2018.***

Polo secretario douse lectura do ditame que emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, en relación con este asunto, na sesión celebrada o día 12 de decembro de 2017; no seguinte sentido:

"Pola presidenta desta Comisión informativa (Sra. Varela Duro) informouse:

** Que a cantidade de 1.134.913,96 euros asignada a este Concello no POS+2018, foi distribuída pola Deputación Provincial nos seguintes tres tipos de axudas:*

a) **A achega provincial 2018**, por un importe de 395.726,58 euros, que vai a ser destinada integramente a gastos correntes.

b) **A achega provincial 2017**, por un importe de 388.260,04 euros, vaise destinar á realización das seguintes obras:

OBRAS	IMPORTE
Beirarrúas na rúa do Viso	42.432,85 euros
Saneamento na parroquia de Castañeda	153.361,41 euros
Ampliación do parque infantil	104.802,43 euros
Camiño do Viso á Quenlla e outros	40.607,87 euros.
Camiño de Goimil (Calvos) e outro	47.055,48 euros
TOTAL	388.260,04 euros

c) **O préstamo provincial 2018**, por un importe de 334.675,26 euros, que se vai destinar á amortización de débeda.

* Que en relación co total da cantidade asignada ao Concello de Arzúa, vaise destinar arredor do 20% para a realización das seguintes obras, dentro do Plan Complementario do ano 2018:

OBRAS	IMPORTE
Camiño de Boente-Outeiro e outros	44.085,76 euros.
Camiño de Cortobe a Rourís	52.283,87 euros.
Camiño de Seixas a San Salvador	60.035,20 euros.
Arranxo de alumeado nas parroquias de Burres e Brandeso	70.577,94 euros
TOTAL	226.982,77 euros

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar que, da exposición realizada pola Sra. Varela Duro, despréndese:

- Que a cantidade que se vai destinar a gastos correntes vaise empregar en servizos, cuxa contratación realizará a Xunta de Goberno Local e non o Pleno do Concello, o cal vai supoñer que se realice cun carácter máis discrecional.

- Que a cantidade destinada a préstamo vaise dedicar a amortizar a débeda coas entidades bancarias.

- Que, en canto ao saneamento da parroquia de Castañeda, lle gustaría saber cal vai ser a cantidade que se vai dedicar a realizar ese saneamento.

Manifesta a Sra. Varela Duro que serán 153.301,41 euros.

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que, como non ten a documentación necesaria para poder pronunciarse, farao cando se trate deste

asunto na sesión plenaria.

** Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar que o grupo político do Partido Popular pronunciárase tamén sobre este asunto na sesión plenaria.*

Ao non realizarse máis intervencións, a presidenta decidiu someter a votación ordinaria a participación deste concello no POS+2018, para realizar os investimentos que quedaron indicados.

Acordándose por catro votos a favor (de AxA), coa abstención dos catro restantes concelleiros: 2 do PP, 1 de CxG-CCT e 1 do PSdeG-PSOE- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello a inclusión dos dous grupos de obras indicadas, no POS+2018 e no Plan Complementario do ano 2018, respectivamente.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar:

- Que a súa posición vai ser a exposta na sesión da Comisión informativa, e quere dicir que neste Plan de Obras e Servizos 2018 vaise adicar integramente a gastos correntes a aportación provincial 2018; mentres que o remanente de tesourería da Deputación, que financia a achega provincial de 2017, vai destinado a obras, que non dubida que sexan necesarias, pero considera que debería destinarse máis cantidade para ese tipo de obras.

- Que con respecto á obra mais significativa, que é o saneamento da Castañeda, quere lembrar que xa se aprobou unha partida nos orzamentos deste ano, que cre lembrar que era xustamente a metade, e alédase agora de que sexa máis, aínda que lle parecen insuficientes tamén os 153.000 euros para o saneamento dunha parroquia; sendo esta a parroquia que máis fácil ten ese saneamento; e espera que se cumpra, e que non pase como o ano pasado, que nin sequera se investiu a cantidade prevista naquela partida.

- Que, en canto á amortización de débeda, se pasa de créditos que había con entidades bancarias (que tiñan uns intereses como serían os créditos normais) a un diñeiro que a Deputación pon a disposición dos concellos, que terán que pagar despois polo importe total; polo que o concello se beneficia ao quedar unha parte dos préstamos a un interese cero.

- Que as Deputacións o único que fan é repartir diñeiro de forma discrecional aos concellos, porque é do que viven, e iso é porque non as elixen os veciños senón por representacións municipais.

Por todo iso a súa posición vai ser a de absterse

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que, en canto ao tema das Deputacións, quere recalcar que non está de acordo co que acaba de dicir o Sr. García Couso, porque el ben sabe que os criterios de reparto dos fondos non son iguais nos últimos dous anos, ao estar repartíndose os fondos con criterios máis transparentes, que están beneficiando o medio rural.

- Que, se as axudas non chegasen da Deputación, non sabe que axudas

chegarían para este Concello, porque por parte da Xunta de Galicia non estamos no mesmo caso.

- Que aínda así quere recalcar que non está de acordo no tema do pago das débedas bancarias, e un dos préstamos que se solicitou no ano 2010 supuxo unha débeda que o Concello non debería ter.

- Que por outra parte quere recalcar que son moi necesarias esas obras, pero tamén hai outras igual ou máis importantes que espera que se fagan nos vindeiros Plans de Obras e Servizos da Deputación Provincial.

- Que vai votar a favor, pero non está de acordo co feito de que non se teña en conta á oposición nestes casos, a diferenza do que sucedía na lexislatura pasada.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar:

- Que desde o grupo político do Partido Popular se considera que estas obras son absolutamente necesarias, e quere agradecer á Deputación que mande ese diñeiro.

- Que dado que tamén hai outras obras que están esperando a súa quenda, vanse abster, posto que esa postura non vai influír na aprobación dos orzamentos.

* Do Sr. alcalde para expoñer:

- Que o préstamo provincial 2018 pídesse porque non é o mesmo estar pagando aos bancos intereses bastante altos por algúns dos préstamos, que devolverlle despois eses cartos á Deputación a un interese cero.

- Que non se pediu todo o que nos correspondía, porque non se necesitaba, posto que xa estaba pagada unha parte bastante grande da débeda, polo tanto non facía falta pedir todo.

- Que tamén podíamos empregar parte dese préstamo provincial 2018 dedicado a obras (que é a liña que se está a seguir nos concellos) e non facelo, porque implica unha inseguridade á hora de cumprir coas regras de gasto a que estamos obrigados; posto que algúns concellos levaron algunha sorpresa por utilizar parte do préstamo provincial 2018 para obras.

- Que as obras non están elixidas discrecionalmente, senón que foron elixidas -unha vez que se mantiveron reunións nas distintas parroquias- segundo as peticións dos veciños, como pode ser o caso da ampliación do parque infantil, xa que se leva tempo pedindo a desaparición da piscina de area, co cal se vai aproveitar para ampliar ese cadro.

- Que, en canto ao saneamento da Castañeda, xa explicou máis dunha vez porqué nos orzamentos foi aquela cantidade, sabendo que non ía ser suficiente; pero tamén explicou naquel momento que houbo unha serie de traballo anterior á elaboración do proxecto, como foi buscar o sitio, porque se buscou unha masa común onde puidese ir, pero logo descartouse porque non podía ir unha pequena parte á zona da Fraga Alta, e se intentou a compra doutra finca, para que puidese ir máis parte da parroquia, como sería o núcleo de Doroña, pero ao final non foi posible; e por último dicídiuse facer en unha masa común que hai á beira do Camiño de Santiago, co que se collería unha parte importante da parroquia; polo que quedará para unha vindeira fase algún outro núcleo, como o do Pumariño.

- Que, en canto a dar oportunidade de que a oposición faga propostas, non ten ningún problema, pero tampouco fai falta facer unha reunión para traer distintas propostas, para que sexan valoradas tal como se fixo na anterior lexislatura.

- Que se damos unha volta polo termo municipal poderemos ver que os proxectos incluídos neste plan son necesarios, porque o estado das pistas é bastante malo.

Coñecido o contido da documentación que debe remitirse á Deputación Provincial;

Polo Sr. alcalde decidiuse someter este asunto a votación ordinaria; fixando os termos desa votación, de conformidade co texto que figura no modelo enviado pola Deputación Provincial, xunto coa Circular sobre aprobación das Bases reguladoras do Plan único de concellos “POS+2018”.

Adoptándose -por oito votos a favor (de AxA), coa abstención dos cinco concelleiros restantes (3 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT)- os seguintes acordos:

Primeiro- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2018”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2018”, “achega provincial 2017” e “préstamo provincial 2018”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Subtotal pago a provedores			0

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	
Subtotal gasto corrente	395.726,58 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2018 Denominación da obra ou subministración	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos achega provincial 2018			0

ACHEGA PROVINCIAL 2017 (Investimentos “financeiramente sostibles”)		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
Beirarrúas na rúa do Viso	153	42.432,85	0	42.432,85
Saneamento na parroquia da Castañeda	160	153.361,41	0	153.361,41
Ampliación do parque infantil	171	104.802,43	0	104.802,43
Camiño do Viso á Quenlla e outros	153	40.607,87	0	40.607,87
Camiño de Goimil (Calvos) e outros	153	47.055,48	0	47.055,48
Subtotal investimentos achega provincial 2017		388.260,04	0	388.260,04 €

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos préstamo provincial 2018			0

E, en consecuencia, probar os proxectos das obras incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos ou pregos:

Denominación do proxecto ou prego cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2018)	Deputación
Subtotal redacción proxectos	0

E) Financiamento de achegas municipais a outros Plans, Programas ou Convenios:

Denominación do investimento doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2018	Deputación

Subtotal achega municipal 2018	0
---------------------------------------	---

Denominación do investimento “financeiramente sostible” doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2017		Deputación
Denominación	Grupo de programa	
Subtotal achega municipal 2017		0

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de “préstamo provincial 2018” aplicado á redución da débeda
Banco Pastor SA	0117/10081601	105.168,08 €
Banco Pastor SA	0238-8207 043-00002-75	149.372,70 €
NCG A BANCA SA	69.698-0	40.067,24 €
NCG A BANCA SA	69.699-9	40.067,24 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		334.675,26 €

G) Resumo:

SUBTOTAIS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2017	0	0	0
	Achega 2018	0	0	0
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2018	395.726,58 €	0	395.726,58 €
C- INVESTIMENTOS	Achega 2018	0	0	0
	Achega 2017	388.260,04 €	0	388.260,04 €
	Préstamo 2018	0	0	0
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2018	0	0	0
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2018	0	0	0

	Achega 2017	0	0	0
F- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2018	334.675,26 €	0	334.675,26 €
TOTAL	Achega 2018	395,726,58 €	0	395.726,58 €
	Achega 2017	388.260,04 €	0	388.260,04 €
	Préstamo 2018	334.675,58 €	0	334.675,58 €
	TOTAL	1.118.662,20 €	0	1.118.662,20 €

Segundo.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2018, no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican, e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos “financeiramente sostibles” (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
Camiño de Boente-Outeiro e outros	153	44.085,76
Camiño de Cortobe a Rourís	153	52.283,87
Camiño de Seixas a San Salvador	153	60.035,20
Arranxo de alumeado nas parroquias de Burres e Brandeso	165	70.577,94
TOTAIS		226.982,77

Terceiro.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se houberse

Quinto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

Sexto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas, para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan; e, en caso de que existiren axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a

súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sétimo.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Oitavo.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde, para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde do Sr. presidente dáse por rematado o acto; levantándose a sesión as 21.30 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, que será autorizada coas sinaturas do alcalde e do secretario, que certifica.